

## CB Artes Gráficas

Ciclo formativo básico		Duración
	<b>Perfil profesional</b>	<b>2.000 horas</b>
<b>Que se aprende a hacer?</b>	Realizar traballos de reprografía e operacións básicas de apoio á produción, a manipulación e a finalización de produtos gráficos, con autonomía, responsabilidade e iniciativa persoal, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas ambientais e de seguridade e hixiene no traballo vixentes, e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.	
<b>Onde se realiza o traballo?</b>	Actividades por conta allea en departamentos de preimpresión, impresión, encadernación, manipulacións e transformacións en pequenas, medianas ou grandes industrias gráficas con niveis organizativos e tecnolóxicos moi diversos. Ademais, poden exercer a súa actividade por conta propia en pequenas empresas de reprografía, ou por conta allea en empresas de artes gráficas, de multiservizos gráficos e de comunicación gráfica e visual, así como en departamentos específicos de reprografía de calquera tipo de organización. Intégrase xeralmente nun equipo de traballo, onde desempeña as súas funcións seguindo instrucións recibidas e baixo a supervisión directa dunha persoa responsable.	
<b>En que postos de traballo?</b>	Operario/a de reprografía; operario/a de acabamentos de reprografía; auxiliar técnico/a de máquinas e equipamentos de produción gráfica; auxiliar de taller en industrias gráficas; axudante de máquinas e equipamentos de produción gráfica; auxiliar de máquinas e equipamentos de produción gráfica; operario/a de manipulacións de papel, cartón e outros materiais; operario/a de oficinas auxiliares de papel, cartón e outros materiais; manipulador/ora de produtos de xigantografía; peón da industria gráfica.	

	Módulos	Horas	Curso
<b>Cales son os módulos deste ciclo e os seus resultados de aprendizaxe?</b>	<b>Acabamentos en reprografía e finalización de produtos gráficos</b>	177	1º
	<b>Atención á clientela</b>	58	1º
	Ciencias aplicadas I	175	1º
	Comunicación e sociedade I	206	1º
	<b>Informática básica aplicada en industrias gráficas</b>	117	1º
	<b>Traballos de reprografía</b>	177	1º
	Ciencias aplicadas II	162	2º
	Comunicación e sociedade II	135	2º
	Formación en centros de traballo	320	2º
	<b>Manipulacións en industrias gráficas</b>	164	2º
	<b>Operacións de almacén en industrias gráficas</b>	90	2º
	<b>Operacións de produción gráfica</b>	157	2º

**Nota:** Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

<b>Que título se obtén?</b>	Título profesional básico en Artes Gráficas.
<b>A que outros estudos se pode acceder?</b>	<p>Éste título permite o acceso a calquera ciclo formativo de grao medio e dá preferencia para a admisión, no caso de haber máis solicitudes que prazas, aos títulos de grao medio das familias profesionais de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Administración e xestión</li> <li>• Artes gráficas</li> <li>• Comercio e márketing</li> <li>• Téxtil, confección e pel</li> <li>• Vidro e cerámica</li> </ul>
	<p>Para máis información sobre o currículo, consultar:  <a href="https://www.edu.xunta.es/fp/sites/fp/files/fp/Currículos/LOE/Artes%20gráficas/anexo_19_artes_graficas_gal.pdf">https://www.edu.xunta.es/fp/sites/fp/files/fp/Currículos/LOE/Artes%20gráficas/anexo_19_artes_graficas_gal.pdf</a></p>